

Todas estas actividades están abertas á comunidade educativa, ás familias do alumnado e a toda a vecindade.

Organizan:



Colaboran:



V Semana Cultural

IES As Bizocas



do 7 ao 10 de maio de 2012

San Vicente – O Grove

Luns, 7 de maio das 16:30 ás 17:20 horas

Curso: 2º ESO

O santuario da Nosa Señora da Lanzada

Ponente: Rafael Quintía.

Nado en Vigo no ano 1971. Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural, Licenciado en Ciencias Empresariais, escritor e músico tradicional. É autor dos seguintes ensaios: *Para cantar veño eu! Unha viaxe pola cultura musical galega da man dos Chichisos* (2011), *Deuses, Mitos e Ritos do Monte do Seixo. Unha proposta interpretativa en clave céltica* (2010) e *A Nosa señora da Lanzada. Antropoloxía de un santuario costero* (2011) co cal gañou o premio de investigación Luis Cuadrado 2010.

Martes, 8 de maio das 11:35 ás 12:25 horas

Curso: 1º ESO

Caricatura e ilustración

Ponente: Gogue

Autor dos personaxes Floreano, Monchiña, Epifanio e Cachiña publicados diariamente no Faro de Vigo dende 1989. Creador do personaxe "Carlotta Cohen" que se publica mensualmente en New York Movies Magazine de New York. Creador da cabeceira do semanario The Bush Blade que se edita en Anchorage (Alaska). Membro de varias asociacións Internacionais de Caricatura.Ten acadado varios premios e mencións Internacionais.

Mércores, 9 de maio das 11:35 ás 12:25 horas

Curso: 4º ESO

Valentín Paz Andrade. Autor homenaxeado o día das letras galegas 2012

Ponente: Antón Mascato

Traballa no sector editorial, onde dirixe Nova Galicia Edicións. Actualmente é membro da Comisión do Arquivo Sonoro do consello da Cultura Galega e da Xunta Directiva do Instituto de Estudos Miñotanos. Ten publicadas as obras *Paco del Riego. Unha historia da restauración cultural de Galicia* (Cumio, 2005), *Ruta do Mar de Arousa* (Cumio, 2004) É coautor do libro *As colareiras do Grove*. Xunto con Isaac Díaz Pardo e Vitor F. Freixanes foi co-director do *Proxecto Século XXI*.

Xoves, 10 de maio das 11:35 ás 12:25 horas

Curso: 3º ESO

As Barreiras do Grove

Ponentes: Juan Noia, Estrella Martínez e Reme Varela

No duro traballo do barro, propio do territorio comprendido entre Cambados e O Grove, as mulleres, moitas delas a penas unhas rapaciñas, viñan a andar dende diferentes lugares da comarca pola mañá moi cedo, levando a comida nun cesto para pasar a meirande parte do día na **barreira**. A maioría, debruzadas no carrexo do barro dende a mina á superficie, carrexando isto ou aquilo ou enchendo con barro, lastros e tellas as adegas dos galeóns.